



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE XULLO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de xullo do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Prieto Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 4 de xullo do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Informe de Don Francisco Javier Perez Martinez con data RE 8 de xullo de 2011 N° RE 3584, relativo a cuestións do Departamento de Promoción Económica.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do mesmo e acorda proceder ao seu estudo para a súa contestación.

2. Visto o informe de Servizos Sociais de data 30 de xuño de 2011, relativo a solicitude de Dona Ana Maria Blanco Sousa de execución de taxas do Conservatorio de música de Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda por unha ampliación da redución de taxas:

Pablo Miguel: 3º Curso de Grado Elemental: 204,34 € redución do 70 % pagaría 61,30 €/ano.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS.-

“Vista a solicitude de **Don Gerardo Fernández Pérez**, con domicilio na Rúa Extramuros nº 44, no que solicita subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Extramuros nº 44, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Secretaria General de Instituciones Penitenciarias, Servicio de Gestion de Penas y Medidas Alternativas, con data RE 1 de xullo de 2011 N° RE 3454, relativo a Propuesta de Plan de Execucion do penado.
2. Comunicación da Secretaria General de Instituciones Penitenciarias, Servicio de Gestion de Penas y Medidas Alternativas, con data RE 11 de xullo de 2011 N° RE 3604, relativo a Propuesta de Plan de Execucion do penado.
3. Comunicación do Ministerio de Economía y Hacienda, Delegacion de Economía e Facenda en Ourense, con data RE 15 de xuño de 2011 N° RE 3088, relativo a “procedimiento de renovación de los representantes locales en los Consejos Territoriales de la Propiedad Inmobiliaria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda votar para que ocupen as vocalías no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense aos seguintes Concellos: Piñor de Cea e Ribadavia.

4. Comunicación do Ministerio do Fomento, Direccion General de Infraestructuras Ferroviarias, con data RE 12 de xullo de 2011 N° RE 3627, relativo a remision de informe solicitado.
5. Comunicación da Deputación de Ourense, Negociado de Patrimonio e Expropiacions, con data RE 29 de xuño de 2011 N° RE 3423, relativo a remisión do Convenio entre a Deputación de Ourense e o Concello de Ribadavia, en materia expropiatoria, para a execución das obras de mellora da estrada provincial “OU-0303 VAL DE PEREIRA-MASIDE”, N° 106/PB/10.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda comunicar a Deputación Provincial de Ourense que actualmente non hai recursos economicos suficientes que permitan facer fronte a citada expropiación polo cal se declina a invitación a firmar o Convenio de colaboracion citado.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

6. Comunicación da Conselleria de Cultura e Turismo, con data RE 11 de xullo de 2011 N° RE 3603, relativo a resolución de reprodución de fondos custodiados en museos.
7. Comunicación do Xulgado do Social nº 1 de Ourense, con data RE 11 de xullo de 2011 N° RE 3598, relativo a cédula de citación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda poñerse en contacto co letrado en materia laboral do Concello aos efectos de que se persone no citado procedemento.

8. Comunicación do Tribunal Superior de Justicia de Galicia, con data RE 30 de xuño de 2011 N° RE 3443, relativo a imposición de multa por incumprimento de auto de data 19 de abril de 2011.
9. Escrito de Gestima S.L., con data RE 12 de xullo de 2011 N° RE 3611, relativo a envío de documentación sobre a marcha da explotación da concesión do parking sito na Alameda de Ribadavia.
10. Escrito remitido polo letrado do concello sobre sentenza do Tribunal Superior de Xustiza en relación co procedemento 7034/2011 sobre recurso de apelación interposto por particular contra o concello.
11. Comunicación da Conselleria de Facenda, con data RE 4 de xullo de 2011, relativo retención de fondos por débedas coa Mancomunidade.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

AUTORIZACION DE UTILIZACION DO PAVILLON.-

Dase conta do escrito de Don Jose Manuel Perez Otero, Director do Servizo Municipal de Deportes, con data RE 30 de xuño de 2011 N° RE 3434, relativo a autorizacion de utilizacion do espazo publico do Pavillon.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda conceder autorizacion de utilizacion do espazo publico do Pavillon en data de 10 de setembro de 2011 de 16:00 a 20:00 horas a entidade Fundacion Cipri Gomez Escola de Kick Boxing.

ZONA DE CONCENTRACION PARCELARIA DE SANTO ANDRÉ DE CAMPORREDONDO.-

Por parte do secretarioponse de manifesto o expediente tramitado sobre a zona de Concentración Parcelaria de Santo Andre de Camporredondo, no cal se recibiu comunicación en data 26 de xaneiro de 2011 relativa a finalización de obras transmitindo o dominio ao concello, outorgando un prazo de 60 días para presentación de recurso, e remitíndose a oficina técnica aos efectos de pronunciarse o concello sobre a súa recepción, non podendo pronunciarse en canto que nos arquivos municipais a documentación non



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

aparece de modo completo, e dado que solicitada a mesma a Consellería de Medio Rural esta non considerou oportuno enviala.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/11.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº3 /11, por importe de 64.243,50 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2011.-

Dase conta da proposta de Don José Prieto Pérez como Concelleiro de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: COMPAÑÍA GUIRIGAI TEATRO S.L., o día 15 de xullo; COMPAÑINA YLLANA TEATRO, ó día 15 de xullo; COMPAÑÍA ADRIAN SCHWARZSTEIN, o día 16 de xullo; COMPAÑÍA SOL PICO, o día 16 de xullo; COMPAÑÍA TEATRO DO ATLANTICO, o día 17 de xullo; COMPAÑÍA ACCION CREADORA Y EMOCION ESTETICA S.L., o día 18 de xullo; COMPAÑÍA UR TEATRO, ó 18 de xullo; COMPAÑÍA NAO D AMORES, ó día 18 de xullo; PENTACION ESPECTACULOS S.A., ó día 19 de xullo; COMPAÑÍA CHEVERE PRODUCCIONES S.L., ó día 19 de xullo; COMPAÑÍA TANXARINA, ós días 20,21, 22 e 23 de xullo; COMPAÑÍA CIRCO CLAXON, ó día 20 de xullo; COMPAÑÍA EL RAYO MISTERIOSO GRUPO LABORATORIO DE TEATRO, o día 20 de xullo; COMPAÑÍA CELCIT PRODUCCIONES S.L., ó día 21 de xullo; COMPAÑÍA ASSOCIATION MASQUE-GROUPE DEMONS ET MERVEILLES, o día 23 de xullo.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.